



INFORMACIÓN SINDICAL DE INTERÉS PARA AS CATEGORIAS
DE **FORMACIÓN PROFESIONAL SANITARIA**
E DE **PERSOAL NON SANITARIO**

15 de maio de 2007

A LOITA POR UNHA CARREIRA PROFESIONAL DIGNA DEU OS SEUS FROITOS: O PREACORDO É UN LOGRO DE TODAS/OS

Á 10ª foi a vencida. Na reunión da mesa do pasado día 7 as organizacións sindicais deixamos no tellado do Sergas unha proposta de punto final con varias condicións xa coñecidas. Da súa aceptación íntegra dependía a posibilidade de acadar ou non un acordo, e tamén por tanto de rematar ou non cun longo conflito ao que nos vimos abocados para defender as nosas pretensións. Na reunión de hoxe recibimos a resposta do Sergas no sentido de aceptaren a totalidade das propostas sindicais finais, e elo permitiu pechar un preacordo que consolida os grandes avances acadados durante a negociación e que pecha definitivamente as intencións de impoñernos unha Carreira Profesional de terceira división.

Agora, as asembleas valorarán o conseguido e, unha vez completada e revisada a redacción do texto final, someterase á firma das organizacións que así o consideren.

CIG-Saúde considera os contidos do preacordo como un grande logro, só posible pola mobilización, o esforzo e a participación de todos os traballadores e as traballadoras, e de todos os sindicatos da Plataforma Sindical Unitaria, e confía en que esta exitosa experiencia permita abordar con similares doses de unidade e de firmeza os novos retos que nos agardan xa á volta da esquina.

Os elementos básicos do preacordo acadado son os seguintes:

APARTADOS	PREACORDO	OBSERVACIÓNS																																										
ANOS DE SERVIZO PARA CADA GRAO	I - 5 → II - 12 → III - 19 → IV - 25	Para todas as categorías																																										
COMPLEMENTO DE CARREIRA (valor anual de cada Grao)	A 2.706 B 1.894 C 1.277 D 1.082 E 866	Os valores indicados son o resultado de actualizar no 2011 os importes correspondentes a ese ano co IPC acumulado 2008-2011 (estimando un IPC do 2% anual)																																										
VALOR DO COMPLEMENTO ANUAL DURANTE A FASE DE IMPLANTACIÓN	<table border="1"> <thead> <tr> <th>ANOS→</th> <th>2007</th> <th>2008</th> <th>2009</th> <th>2010</th> <th>2011</th> <th>2012</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>Gr A</td> <td>2325</td> <td>2370</td> <td>2415</td> <td>2460</td> <td>2500</td> <td>2706+2%</td> </tr> <tr> <td>Gr B</td> <td>1625</td> <td>1660</td> <td>1690</td> <td>1720</td> <td>1750</td> <td>1894+2%</td> </tr> <tr> <td>Gr C</td> <td>1000</td> <td>1045</td> <td>1090</td> <td>1135</td> <td>1180</td> <td>1277+2%</td> </tr> <tr> <td>Gr D</td> <td>850</td> <td>890</td> <td>925</td> <td>965</td> <td>1000</td> <td>1082+2%</td> </tr> <tr> <td>Gr E</td> <td>680</td> <td>700</td> <td>725</td> <td>750</td> <td>800</td> <td>866+2%</td> </tr> </tbody> </table>	ANOS→	2007	2008	2009	2010	2011	2012	Gr A	2325	2370	2415	2460	2500	2706+2%	Gr B	1625	1660	1690	1720	1750	1894+2%	Gr C	1000	1045	1090	1135	1180	1277+2%	Gr D	850	890	925	965	1000	1082+2%	Gr E	680	700	725	750	800	866+2%	A cada Grao de CP accedese en xullo do correspondente ano (I-2007, II-2008, III-2009 e IV-2010). O primeiro ano, 2007, percibiráse o Grao I nun pago único (unha cuantía igual a 6 meses); a partir do 2008 xa se cobra cada mes
ANOS→	2007	2008	2009	2010	2011	2012																																						
Gr A	2325	2370	2415	2460	2500	2706+2%																																						
Gr B	1625	1660	1690	1720	1750	1894+2%																																						
Gr C	1000	1045	1090	1135	1180	1277+2%																																						
Gr D	850	890	925	965	1000	1082+2%																																						
Gr E	680	700	725	750	800	866+2%																																						
PROMOCIÓN INTERNA	Recoñécese que a promoción interna non pode limitar o acceso á CP, polo que o tempo de servizos prestados nunha categoría se poderá utilizar para o recoñecemento de Graos noutra, e asimesmo os Graos xa recoñecidos nunha categoría non se perderán por acceder a outra.	Está pendente de revisión e de axustes a forma concreta de recoñecer estas situacións, en base aos documentos xa aportados en anteriores reunións																																										





INFORMACIÓN SINDICAL DE INTERÉS PARA AS CATEGORIAS
DE **FORMACIÓN PROFESIONAL SANITARIA**
E DE **PERSOAL NON SANITARIO**

15 de maio de 2007

PERSOAL FUNCIONARIO E LABORAL	Garántese que o persoal funcionario e laboral transferido das corporacións locais (hospitais provinciais e municipais) accederá á CP en xullo do 2008, coa implantación do sistema ordinario de CP. Previamente haberá unha nova oferta de integración no réxime estatutario, que permitirá acceder tamén a este sistema extraordinario de CP. Aplicarase a este persoal funcionario e laboral o acordo retributivo da Función Pública da Xunta.	O acordo retributivo de Función Pública, acadado o 18/10/06, establece incrementos retributivos para funcionarios e laborais da Xunta no período 2006-09, que suman 1.425,67 euros anuais
PERSOAL DA OPE EXTRAORDINARIA	Accederán aos graos de CP no mesmo momento que o persoal fixo anterior a esa oposición, xullo do 2007	Ata agora entraban en CP un ano máis tarde
PERSOAL TEMPORAL	Accederán á CP en xullo de 2008 aqueles que aproben a oposición actualmente convocada, a través dun réxime transitorio específico	Implantación simultánea co sistema ordinario de CP
SISTEMA ORDINARIO DE CP	O sistema ordinario de CP para todas as categorías implantarase en xullo de 2008	Para elo iniciárase a súa negociación no segundo semestre deste ano, e permitirá acceder á CP a todo aquel persoal que non puido acceder ou non puido completar os IV Graos no réxime extraordinario

... E NO MOMENTO DE CHEGAR A BON PORTO, É OPORTUNO LEMBRAR TAMÉN A TRAVESÍA...



**... PORQUE A UNIDADE É ÚTIL
E NA DIVISIÓN NON HAI SOLUCIÓN...**

